


REFORZO 1ª AVALIACIÓN CURSO 1º ESO

Nome

1. Enumera as características que fan que o planeta Terra sexa único no sistema solar.
2. Completa as seguintes oracións: A Terra presenta un movemento de arredor do Sol, que completa aproximadamente en días. Debido á inclinación do de rotación da Terra, os raios do Sol chegan a un determinado lugar cunha diferente ao longo do ano. Isto dá lugar ás A Lúa é un da Terra que ten un movemento de sobre o seu eixe e outro de arredor da Terra que dan lugar ás diferentes
3. DEBUXO. Que situación é con respecto ao hemisferio norte.(soltício de verán, inverno, equinoccios....)
 - a.
 - b.
 - c.
 - d.




4. Le e contesta:
 - a) Explica por que a inclinación do eixe terrestre é unha das causas de que existan as estacións. Cal é a outra causa?
 - b) En España, a vendima realízase no mes de setembro. En cambio, en Suráfrica ocorre en marzo. Podes explicar o porqué desta diferenza?

5. TÁBOA. Completa no caderno a seguinte táboa coas fases da Lúa.


Fases	Descrición	Que vemos?
Lúa nova	...	
...	Os astros forman un ángulo e ilumínase a metade esquerda da Lúa.	...
...	...	...
...	...	...

6. DEBUXO. Identifica cada esquema co tipo de eclipse á que corresponde e explica como se produce cada unha.



7. En que fase está a lúa hoxe?

8. Que representan os seguintes debuxos? Pon os nomes




9. Completa o seguinte cadro.

Capa da Terra	Composición	Ríxido ou fluído
Cordia Continental		
Cordia Oceánica		
Manto		
Núcleo interno		
Núcleo externo		


10. Enumera propiedades dos minerais: Explica só unha.

11. Clasificación das rochas con exemplos.

12. Que representa o seguinte debuxo? Situa os tipos de rochas.




13. Que é o seguinte debuxo? De que minerais está composto? Escribe a fórmula dun deles minerais?



14. Exemplos de minerais con utilidades.

15. Orixen da atmosfera e da hidrosfera.


16. Cal é a composición da atmosfera (aire)?



17. Relaciona mediante flechas.

O osíxeno •	• é producido por bacterias.
O nitróxeno •	• é un gas inerte, emitido polos volcáns.
O argón •	• consómese na fotosíntese e prodúceno os animais.
O dióxido de carbono •	• é un gas inerte producido por bacterias, que se acumula.
O metano •	• é un gas moi reactivo, producido na fotosíntese.

18. No esquema-debuxo adxunto



a. Pon o nome deas capas

- A
- B
- C
- D

b. Pon o nome das pausas

- X
- Y
- Z

c. Pon o nome das moléculas


- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6

d. Que significa UV? Que pasa con eses raios no debuxo? Hai un problema ambiental asociado a esto, e chámase?

e. Que pasa con as ondas longas? E ao Chegar a superficie da Terra? Que fenómeno (problema ambiental) fai a contrarradación?

19. Que representa o seguinte debuxo? Cal é o motor que o move?

- a. Pon os nomes: Evaporación, Sol, mar, condensación, precipitación, escorrentía superficial, infiltración, río e auga subterráneas.



20. Propiedades da auga:

- a. Pon nome as propiedades: 1,2,3 e 4.
b. Pon nome aos cambios de estado: a,b, c, d e e f.


Propiedades da auga

A auga é unha substancia incolora, inodora e insípida. Presenta unha serie de propiedades que a fan imprescindible para a vida.

1

A auga pode presentarse en estado sólido, líquido ou gasoso. Cando o xeo pasa a auga líquida, ou a auga líquida a gas, absorbe enerxía. En cambio, ao pasar de gas a líquido, e de líquido a sólido, cede enerxía. Esta propiedade favorece que se produza o ciclo da auga.

A suor arrefríanos porque toma enerxía do noso corpo para evaporarse.



2

A auga pode disolver un gran número de substancias. Grazas a esta capacidade, a auga pode transportar sales minerais disoltos. Esta función é de vital importancia no interior dos seres vivos. Así, a parte líquida do sangue é auga que transporta sales, nutrientes, oxixeno e refugos, entre outras substancias.



3

A auga non cambia de temperatura con facilidade. Para elevar un grao a súa temperatura cómpre aplicar 10 veces máis calor que para elevar un grao a temperatura da mesma masa de ferro. Posto que o corpo dos seres vivos é auga na súa maior parte, esta propiedade axúdanos a manter a temperatura.



4

A densidade do xeo é máis baixa ca a da auga líquida; por iso, o xeo flota na auga.

Esta propiedade é fundamental para a vida, xa que nos ríos, mares e lagos conxelados o xeo permanece na superficie, de xeito que debaixo queda a auga líquida, na que poden vivir os organismos acuáticos.

